



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 9 de abril de 2015

Hora de comezo: 13.45 h

Hora de remate: 14.10 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera

Don Manuel Mouriño Varela

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Xustificación da subvención para a promoción e difusión da “Festa da Filloa de Lestedo 2015”, concedida pola Axencia de Turismo de Galicia**
- 3. Alta tarxeta de estacionamento para minusválidos**
- 4. Corrección de erro no punto número 4 da Xunta de Goberno do 19 de marzo de 2015, “Solicitud de financiamento para a prestación de servizos sociais comunitarios polo concello de Boqueixón, ano 2015”**
- 5. Información de altas e incrementos horarios SAF – dependencia**
- 6. Concesión de axuda de emerxencia social**
- 7. Licenzas urbanísticas**
- 8. Aprobación de facturas**
- 9. Pagamento do canon de saneamento dos consumos municipais**
- 10. Inicio contratación da obra “Camiño de Castro de abaixo a Frenza (Oural) e outros**
- 11. Contratación xantar “Encontro de Maiores 2015”**
- 12. Baixa no padrón do lixo**

13. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de marzo de 2015

2.Xustificación da subvención para a promoción e difusión da “Festa da Filloa de Lestedo 2015”, concedida pola Axencia de Turismo de Galicia

Con data 20 de xaneiro de 2015 publicouse no DOG núm. 12 a Resolución do 18 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2015.

Mediante decreto de alcaldía de data 21 de xaneiro de 2015, acordouse solicitar unha subvención para o “*Promoción e difusión da XXXII Festa da Filloa de Lestedo 2015*”.

Con data de 6 de marzo de 2015 (registro de entrada nº 15/410) recíbese a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia, concedendo unha subvención de 3.500 € para a “*Promoción e difusión da XXXII Festa da Filloa de Lestedo 2015*” Nº Exp.: TU 500A 2015/1- 1.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Que se cumpríu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.

2.- Aprobar a conta xustificativa da subvención na que se fai constar os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

CONCEPTO	ACREEDOR	Nº FACTURA	IMPORTE	% imputado	DATA EMISIÓN	DATA RECOÑECEMENTO
8 mandiles de honra	Salgueiral S.L.	1002/15	296 €	100% 296€	20/02/2015	13/03/2015
Cuñas radiofónicas Festa Filloa de Lestedo	Cadena Cope / Cadena 100/ Rock FM	042- 02- 00080	1.815 €	100% 1.815 €	28/02/2015	31/03/2015
Promoción prensa escrita Festa da Filloa	El Correo Gallego	501071	1.452 €	83% 1.205,16 €	28/02/2015	31/03/2015
Campaña promocional spot coa Festa da Filloa	Santiago TV	P0000029	302,50 €	100% 302,50 €	31/01/2015	31/03/2015
TOTAL GASTO.....				3.618,66 €		

3.- Aprobar a memoria descritiva das accións realizadas para as que foi concedida a axuda.

4.- Comunicar este acordo á Axencia de Turismo de Galicia.

3. Alta tarxeta de estacionamento para minusválidos

Concesión dunha tarxeta de estacionamento para minusválidos

4. Corrección de erro no punto número 4 da Xunta de Goberno do 19 de marzo de 2015, “Solicitude de financiamento para a prestación de servizos sociais comunitarios polo concello de Boqueixón, ano 2015”

Na Xunta de Goberno ordinaria que tivo lugar o día 19 de marzo de 2015, adoptouse o acordo de solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, regulado no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

No dito acordo estableceuse o importe total do financiamento solicitado en 206.746,32 € e, en concreto, o importe para axuda no fogar destinada a persoas en situación de dependencia en 148.177,2 €.

Para os efectos de estimar a contía a solicitar na modalidade de axuda no fogar para dependentes, existe un programa informático que calcula automaticamente o importe que cada concello pode solicitar un función das horas para a prestación deste servizo asignadas mensualmente.

Dado que no momento de celebrarse a Xunta de Goberno o dito aplicativo non estaba operativo, formulouse a petición sen ter en consideración o cálculo automático ao que se fai referencia no parágrafo anterior.

Consecuentemente, e logo de ter volcada no programa informático toda a información necesaria para a solicitude de financiamento, cómpre subsanar o erro relativo a contía a solicitar destinada ao financiamento do SAF nesta modalidade, así como a contía total a solicitar, quedando definitivamente as contías como a continuación se reflicten:

- Importe total do financiamento solicitado: 240.735,12 €
- Importe detallado para axuda no fogar a persoas dependentes: 182.166,00 €.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Corrixir o erro relativo á contía a solicitar destinada ó financiamento do SAF, quedando definitivamente do seguinte xeito:

-Importe total do financiamento solicitado: **240.735,12 €**

-Importe detallado para axuda no fogar a persoas dependentes: **182.166,00 €.**

2. Dar conta de dita corrección á Consellería de Traballo e Benestar.

5. Información de altas e incrementos horarios SAF – dependencia

Dáse conta do seguinte informe da traballadora social:

“Ana Anta Fernández, traballadora social do departamento de servizos sociais do concello de Boqueixón, en relación ao “Servizo de Axuda no Fogar”, na súa modalidade de dependencia, e logo de producirse un incremento das horas asignadas mensualmente a este concello para a prestación do servizo, así como o falecemento dunha persoa usuaria,

INFORMA:

1. Que *causaron alta* no servizo, nesta modalidade, as seguintes persoas:

- María xxxxx, con DNI xxxxx, cun grao III e 70 horas mensuais de intensidade

2. Que *viron incrementada a súa intensidade horaria*, ata completala, as seguintes persoas:

- Manuel xxxxx, con DNI xxxxx e grao III. Pasa dunha intensidade mensual de 35 horas a 70.

- Manuel xxxxx, con DNI xxxxx e grao III. Pasa dunha intensidade mensual de 46 horas a 70.

- Regina xxxxx, con DNI xxxxx e grao III, Pasa dunha intensidade mensual de 46 horas a 70.

3. Que todas as persoas que se enumeran xa contan coa correspondente notificación da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar na que se lles recoñece do dereito ao servizo de axuda no fogar, polo que este informe elabórase únicamente coa finalidade de dar conta á Xunta de Goberno das novas incorporacións e incrementos de intensidade horaria no servizo.

Boqueixón, 1 de abril de 2015”.

6.Concesión de axuda de emerxencia social

Concesión dunha axuda de emerxencia social

7.Licenzas urbanísticas

Aceptación de recurso de reposición e de regularización de serradoiro existente, no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar

ANTECEDENTES:

Con data do 18/02/2015 (registro de entrada núm. 15/292), por D. José xxxxx, con DNI nº xxxxx , solicita licenza municipal de obras en base a un proxecto titulado “Melloras tecnolóxicas en industria de serrado”, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Rafael Señaris González, situado no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, e emprazada urbanísticamente en Solo Rústico.

Con data do 10/03/2015 (registro de saída 15/165), remíteselle ao promotor notificación do Acordo adoptado na Xunta de Goberno de data 05/03/2015, no que se lle denega a licenza solicitada, en base ao informe técnico municipal desfavorable de data do 25 de febreiro de 2015 .

Con data do 23/03/2015, (registro de entrada 15/512, de data 24/03/2015), don José xxxxx presenta recurso de reposición contra a denegación da licenza municipal, no que solicita a regularización das construcións actualmente existentes e a posterior ou paralela licencia de

obras pedida e que se resolva con carácter de urxencia por mor de poder chegar a conseguir a subvención tramitada.

Con data do 31/03/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico** correspondente, en relación á solicitude de regularización de serradoiro existente, e que se transcribe literalmente:

“1. Con data do 24 de marzo de 2015, e rexistro de entrada nº 15/512, preséntase recurso de reposición contra a denegación de licenza municipal para un proxecto denominado Melloras tecnolóxicas en industria de serrado, solicitada por D. José xxxxx. No citado recurso solicítase a regularización das construcións actualmente existentes, ó abeiro da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante, LOUPMRG), modificada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUPMRG.

2. A redacción da citada disposición, dada pola Lei 2/2010, establece que:

“1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural que, estando destinadas as actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria, de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, así como os serradoiros de madeira, existían no momento da entrada en vigor desta lei poderán manter a súa actividade, aínda que non estean amparadas nas preceptivas licenzas municipais de edificación ou de actividade, sen necesidade delas.

Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de reconstrución, rehabilitación, conservación e reforma necesarias sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou de serradoiro, e adoptarán as medidas correctoras oportunas para garantir as condicións sanitarias e ambientais.

As construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural citadas que existían á entrada en vigor desta lei, para a súa regularización, deberán aboar no concello respectivo o imposto municipal de construcións, instalacións e obras.

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención da licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, que cumprirán as condicións de edificación establecidas no artigo 42º desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. No caso das construcións destinadas a serradoiros tamén se permitirá a súa ampliación sempre que cumpran as condicións de edificación establecidas no artigo 42º desta lei e no planeamento urbanístico, excepto no que se refire á superficie máxima ocupada pola edificación, sen superar o límite do 60% da superficie da parcela.

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

3. Este mesmo réxime seralles aplicable ás edificacións, construcións e instalacións vinculadas á explotación ou ao apoio da actividade agropecuaria e serradoiros amparados en licenza urbanística outorgada antes da entrada en vigor desta lei”.

3. Consta nos arquivos do Concello un proxecto de Licencia de actividade de aserradero de madeira para formación de tabla y tablilla, redactado polo arquitecto Alberto Blanco

Rodríguez, con data de maio de 2003, no que se describe o estado das instalacións existentes, e ó que se remite o solicitante no que atinxe á regularización das edificacións.

Por outra banda, os datos catastrais (referencias 000300900NH44D0001TU e 000301000NH44D0001PU) sitúan a antigüidade de ditas edificacións no ano 1970, polo que queda xustificada a súa existencia no momento da entrada en vigor da LOUPMRG.

4. Con data do 26 de marzo de 2015, e rexistro de entrada nº 15/525, achégase unha valoración das construcións existentes, por valor 20.563,83 euros.

5. En consecuencia, á vista da documentación presentada, e da que consta nos arquivos municipais, e de acordo coa citada disposición transitoria décimo primeira da LOUPMRG, infórmase favorablemente a solicitude de regularización, e deberase de aboar a taxa municipal correspondente ó imposto de construcións, instalacións e obras.

Infórmase, ós efectos oportunos.”

Con data do 26/03/2015 (rexistro de entrada 15/525), por D. José xxxxx, preséntase un informe-valoración sobre as construcións das que se solicita regularización, destinadas á industria de serradoiro de madeira, asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, D. Rafael Señarís González, cunha valoración por valor de 20.563,83 euros. En base á disposición transitoria décimo primeira da Lei 2/2010 do 25 de marzo, e tendo en conta o antedito valor da construción existente, deberán aboar no concello o imposto municipal de construcións, instalacións e obras, polo importe de 514,10 euros.

Tendo en conta todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Aceptar o recurso de reposición pola denegación da licenza de obras solicitada, presentado a nome de José xxxxx, con data do 23 de marzo de 2015 e rexistro de entrada 15/512, de data 24/03/2015.

Segundo:

Conceder, a D. José xxxxx, a regularización das construcións existentes destinadas a serradoiro, localizadas no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, ó abeiro da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUPMRG, e salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros.

Terceiro:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de 514,10 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxxx (Lestedo - Boqueixón).

8.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 59.956,46 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	MANTEMENTO INFORMÁTICO MARZO	920	21600	594,00
2	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	ASISTENCIA TÉCNICO-URBANÍSTICA MARZO	151	22706	1.917,85
3	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	DEPURADORA DE ORTO 19/12-30/01	161	22100	7.905,08
4	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO MES FEBREIRO	165	21000	3.771,17
5	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO MES XANEIRO	165	21000	3.771,17
6	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO MARZO	165	21000	3.771,17
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO MES DE FEBREIRO L. SOCIAL LESTEDO	920	22200	47,88
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO MES DE FEBREIRO FAX	920	22200	49,21
9	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO MES DE FEBREIRO CENTRALIÑA	920	22200	473,69
10	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO MES DE FEBREIRO P. CIVIL	920	22200	29,75
11	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO MES DE FEBREIRO ALARMA	920	22200	40,85
12	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO MES DE FEBREIRO CORREOS	920	22200	28,94
13	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	SERVIZO SMS 15/02-14/03	920	22200	14,54
				TOTAL	21.821,30 €

Aprobación de facturas pendiente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	ANTA FERNANDEZ, ANA	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	231	23020	41,42
2	ANTONIO PENA, S.L.	INSTALACIÓN TERMOS VESTIARIOS XIMNASIO	342	21200	1.512,94
3	ANTONIO PENA, S.L.	REPARACIÓNS VARIAS COLEXIO FORTE	320	21200	482,97
4	ANTONIO PENA, S.L.	INSTALACIÓN DE CHAVES DE PASO E REDUCTORA P. CIVIL	920	21200	228,29
5	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	XANELA PRIMAVERA	334	22609	476,32
6	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	SOBRES AMERICANOS CONCELLO	920	22000	125,84
7	ASCENSORES ENOR, S.A.	MANTEMENTO ASCENSOR ABRIL	920	21300	76,23
8	AS. DE PARALISIA CEREBRAL DE COIMBRA	GASTOS OCASINADOS POLO ENVIO VOLUNTARIA	334	22699	300,00
9	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	PELOTAS XIGANTES 65CM	342	22199	130,00
10	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO SEGÚN REXISTRO Nº 15/489	165	22100	1.695,41
11	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO SEGÚN REXISTRO 15/514	165	22100	2.546,05
12	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	RECOGIDA DE RESIDUOS Del 01/02/2015 AL 28/02/2015	1621	21300	388,98
13	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	LATIGUILLO, BASE MOBIL EQUIPO CULTURA	920	21300	21,49
14	COMUNE DI BELVI	PAGO ORGANIZACIÓN DE ENVIO VOLUNTARIADO EUROPEO	334	22699	300,00
15	CONSEJO GENERAL COSITAL	SUSCRICIÓN REVISTA ESTUDIOS LOCALES 2015	920	22001	190,00
16	DROGUERIA-FERRETERIA EL SOL S.L.	CAIXA E FERRAMENTA PARA VÍAS E OBRAS	1532	22199	303,87
17	ESCOLA DE FUTBOL BOQUEIXÓN	SERVIZO DE MONITORES MARZO	341	22609	1.674,30
18	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	HONORARIOS APROBACION DEFINITIVA	151	22706	

		PXOM			22.531,03
19	FERNÁNDEZ GARCÍA PATRICIA A.	OBRADOIRO DE GOMA EVA	334	22609	239,58
20	MAREQUE GUIADÁS MANUEL	PINCHOS SANVICENTE E CAFÉS	912	22601	305,00
21	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	FAROLA E POSTE EN POUSADA SINISTRO REF.G1521006100	165	22199	2.260,57
22	PAZOS Y VIEIRO, S.L.	SLINGAS ASAS 3M 2T	135	21300	24,20
23	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	AGLOMERADO PISTAS MUNICIPAIS	1532	21200	123,48
24	RM IMPRESIÓNS DIXITAIS S.C.	IMPRESIÓN EN CARTÓN PLUMA PROMOCIÓN TURÍSTICA	432	22602	18,15
25	SOTO REBOLLO, LUIS	POSTES PARA COLOCACIÓN PLACA DE RÚA	1532	22199	382,36
26	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	ITV 8745GZZ	135	21300	46,55
27	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	ITV 1599GZL	135	21300	46,55
28	TEODORA KEZEVA	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23120	24,90
29	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	EXCURSIÓN CASA DO PATRÓN (LALÍN)	334	22300	330,00
30	ULLA OIL, S.L.	GASOIL CALEFACCIÓN CENTRO SAÚDE DO FORTE	920	22103	624,58
31	ULLA OIL, S.L.	GASOIL CALEFACCIÓN CONCELLO	920	22103	684,10
				TOTAL	38.135,16 €

9. Pagamento do canon de saneamento dos consumos municipais

O día 23 de marzo de 2015, a empresa que xestiona os servizos municipais de auga e saneamento, entrega no rexistro deste concello as facturas correspondentes ó canon de saneamento referido ós consumos municipais do ano 2014 dos seguintes edificios ou infraestruturas do concello:

Casa da Cultura de Camporrapado
 Campo da festa de S. Benito
 Campo da festa de Sergude
 Casa do Concello
 Centros de saúde de Lestedo e Forte
 Escola Unitaria de Lestedo
 Escola Unitaria de Sergude
 Escola Infantil Raiña Lupa – Gardería
 Igrexa de Donas
 Igrexa de Ledesma
 Igrexa de Lestedo
 Igrexa de Codeso
 Igrexa de Sucira
 Local parroquial de Oural
 Local Social da Granxa
 Local Social de Codeso
 Local Social de Gastrar
 Local Social de Lamas
 Local Social de Ledesma
 Local Social de Loureda
 Local Social de Loureiro
 Local Social de Sergude

Local Social de Vigo
Piscinas municipais
Punto Limpo

A suma das cantidades especificadas nas facturas correspondentes a cada un dos lugares onde existe consumo de auga acada a cantidade de 2.037,54 euros.

Segundo a lei 9/2010 de de 4 de novembro e o decreto 136/2012 de 31 de maio esta entidade está obrigada a facer o pagamento do canon polos correspondentes consumos,

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar o pagamento do canon de saneamento e/ ou vertedura de auga correspondente ó ano 2014 e que acada o importe de 2.037,54 euros

-Facer o pagamento a Espina y Delfín para que lle sexa aboado o canon á correspondente consellería

10.Inicio contratación da obra “Camiño de Castro de abaixo a Frenza (Oural) e outros

Na Xunta de Goberno do día 4 de decembro de 2014 aprobouse o proxecto da obra denominada Camiño de Castro de Abaixo a Frenza (Oural) e outros, cun presuposto total de 111.024,75 euros (IVE incluído) e envíase a documentación correspondente á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

Na Resolución asígnanlle a este concello un total de 91.755,99 euros (ive excluído) que corresponden ás anualidades 2014 e 2015. No ano 2014 a cantidade que corresponde é de 43.281,30 euros que xa foi ingresada o día 31/12/2014. Para este ano a cantidade restante 48.474,69 euros, será ingresada cando se xustifique a execución da obra.

No relativo ó IVE, debe facerse cargo o concello por unha cantidade total de 19.268,75 euros, que xa está consignada no orzamento do ano 2015.

As obras deberán xustificarse antes do vindeiro 30 de xuño.

No expediente atópase o correspondente informe xurídico.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras polo procedemento negociado sin publicidade. Os pregos que rexerán esta contratación son os publicados pola Deputación da Coruña no BOP núm. 103 do día 1 de xuño e aprobados pola Deputación no Pleno do día 25 de maio de 2012.

2 Aprobar o cadro de características da obra, así como os criterios de valoración que rexerán a contratación:

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

0. REGULACION HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada	
1. PROXECTO	Camiño de Csstro de Abaixo a Frenza (Oural) e outros	
1.bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
2. PRESUPOSTO	A) Obras anuais	111.024,75 euros (IVE INCLUÍDO)
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	153.600.01	
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 3 meses	
	REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: non aplicable	
5. CLASIFICACIÓN		
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: - Consulta a tres empresas - Perfil de contratante B. LUGAR DE PRESENTACIÓN: No rexistro municipal de 9 a 14 horas de luns a venres	
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: oito días contados desde o día seguinte ao da recepción da petición de oferta	
8. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Dirección páxina web: www.boqueixon.com	
	8.2 Publicación de adxudicación (indicar a opción elixida): en perfil de contratante	
9. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe do proxecto	
10. TAXAS DO CONTRATO	Non hai	
11. REVISIÓN DE PREZOS	Non hai	
12. CONTROL DE CALIDADE		
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA		

OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE www.boqueixon.com

TELÉFONO:981. 513 061- Servizo de Contratación

LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR COPIAS DO PROXECTO E PREGO: Servizo de Contratación e perfil do contratista

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D^a _____
con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____
Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____).

DNI ou CIF Nº _____
e con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____
Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____

Toma parte no procedemento negociado para a adxudicación da execución das obras comprendidas
no _____ proxecto _____ de

e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezo sen IVE..... euros) .
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) % importe euros
C) TOTAL (A+ B)EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- ____ Non concorre con empresas vinculadas.
- ____ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
CIF

_____ de _____ de 201__

O LICITADOR (asinado e rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

- (1) A. DOCUMENTACIÓN
B. REFERENCIAS TÉCNICAS
C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)
presentada por ..
Teléfono _____
Fax _____

_____ de _____ de 201__

(1) Indicar sobre A, B, C ou D segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

DETERMINACIÓN DE CRITERIOS FASE 1

FASE 1

A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL

- a) Programa de traballo (cláusula 12.2.1.A.1): **17 puntos**
b) Programa de actuación ambiental (cláusula 12.2.1.A.2): **8 puntos**
b) Plan de control de calidade (cláusula 12.2.1.B) **13 puntos** conforme ao seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.1)	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	De 1.51 a 3 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 0.51 a 1.50 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0 a 0.50 puntos
PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.2)	Outorgarase a máxima puntuación á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.3)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $3 \times \%$ incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo 9 puntos)

- c) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 12.2.1.C): **12 puntos**

FASE II

- a) Oferta económica: **50 puntos**.

De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas

3 Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Excavaciones Construcciones Hnos. Couto Fandiño , SL

Lugar Igrexa – Boqueixón 15881

Excavaciones Ovidio, SL

Fernando III El Santo, nº12 – Local 2

15706 Santiago de Compostela

Excavaciones José Varela Iglesias, SL

Rúa Socortes núm. 22 – Bemibre

15783 Val do Dubra

11. Contratación xantar “Encontro de Maiores 2015”

O día 2 de maio de 2015 vaise a realizar o Encontro de Maiores que tódolos anos organiza este concello. Terá lugar non pavillón do Forte.

Como é sabido, aparte doutras actividades programadas para ese día, tamén se organiza un xantar onde, as persoas que o soliciten e aboén os prezos aprobados para o efecto, poden participar.

Estes prezos foron aprobados na xunta de goberno do día 19 de marzo.

É preciso solicitar presuposto a 3 empresas para adxudicar o xantar, no que participarán arredor dunhas 300 persoas.

O menú que se quere ofrecer será o seguinte:

Empanada

Pulpo

Carne ó caldeiro

Postre

Bebidas e café

Ademáis, a empresa que elabore o menú deberá incluír os medios técnicos e humanos que se precisen para a realización do evento. Estes medios deberán figurar no presuposto que nos presenten para que poidan ser valorados.

O importe máximo por persoa fíxase en 23 euros (IVE incluído)

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Solicitar presupostos para a realización do xantar que terá lugar no Encontro de Maiores, e que constará do menú sinalado, ás seguintes empresas:

Congelados Veloso,SL

Ponte Ulla, 15
15885 Vedra

Café Bar Avenida
Santa Cruz de Rivadulla
Vedra

Florencia Iglesias Carbia
San Pedro de Sarandón, 5
Vedra

12.Baixa no padrón do lixo

O día 7 de abril de 2015, recibíuse no rexistro municipal unha proposta da Deputación da Coruña, para que se modifiquen os datos dun recibo do lixo a nome de José xxxxx.

O que se solicita é a baixa dos recibos do lixo emitidos nos anos 2011 a 2014 incluídos, debido a que se produciu unha transmisión do obxecto tributario con data 24/01/2005, polo tanto o suxeito pasivo non é o correcto debendo figurar a taxa a nome de Teresa xxxxx.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Anular os recibos do lixo emitidos a nome de José xxxxx con núm. fixo 253000587314 dos anos 2011 a 2014, ambos incluídos, por non pertencer a vivenda á súa propiedade.

-Modificar no padrón do lixo do ano 2015 o nome do suxeito pasivo, poñendo a taxa a nome de dona Teresa xxxxx, segundo datos enviados pola Deputación da Coruña.

-Comunicar este acordo á Deputación da Coruña, para dar contestación á súa proposta

13.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria – interventora.

A secretaria – interventora

Visto e prace
O alcalde